




Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/18356/2022 23/08/2022

Area / Unidade PERSONAL PE0000 AMG	Documento 10816I0BG5	
Código de verificación  6U09 1U5L 1Z2Z 5H42 0AD4	Expediente 108/2022/1376	
	Data 18-08-2022	

Asunto: Cobertura, en comisión de servizos, dun posto de Asistente de Administración no Servizo de Recursos Humanos (ref. posto 192).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 22/07/2022 o xefe de Servizo de Recursos Humanos remite unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, dun posto de asistente de Administración no Servizo de Recursos Humanos.

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considérase imprescindible a súa cobertura para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Servizo de Recursos Humanos.

Segundo.- Con data 22 de xullo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base á petición efectuada polo Servizo de Recursos Humanos:

1. Asistente de Administración (Unidade Organizativa de Ap. Xef. RR.HH., Servizo de RR.HH.), referencia 192.

No citado anuncio, indícase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompaña dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE4000	AP. Xef. RR.HH.	Asistente Admon.	192	C1/C2	18	AX	FR06

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Segunda.- O xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Réxime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, remite ao servizo de RR.HH. unha proposta de nomeamento de Dona Fátima da Silva Pérez, en comisión de servizos, no posto de Asistente de Administración no Servizo de RR.HH. (nº ref. 192).

Terceira.- Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto de Asistente de Administración no Servizo de RR.HH. (nº ref. 192) e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de RR.HH., e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Fátima da Silva Pérez, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Asistente de Administración no Servizo de RR.HH., co número 192 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE4000	AP. Xef. RR.HH.	Asistente Admon.	192	C1/C2	18	AX	FR06

Quinta. O posto de orixe de Dona Fátima da Silva Pérez, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH	PE2000	Saúde e Prev. R. Lab.	Of. Admvo.	184	C1/C2	16	AX	FR04

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 920, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:



1.- Destinar a Dona Fátima da Silva Pérez (NIF **7874***), en comisión de servizos, ao posto de de Asistente de Administración no Servizo de RR.HH. (referencia posto 192). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE4000	AP. Xef. RR.HH.	Asistente Admon.	192	C1/C2	18	AX	FR06

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e ao xefe de Servizo de Recursos Humanos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas